

Pleno do Comité N° 2 - 5 de xuño de 2015

Adiase uns días a posible folga en Comercial

1.- Actas: aprobada por unanimidade a acta do Pleno N° 1.

2.- Comisións: neste punto coméntase a CPSS (Comisión Provincial de Seguridade e Saúde) celebrada o 21 de maio. Salientamos as seguintes cuestións:

Non houbo auditorías nin se comentaron actas do Comité Central de Seguridade e Saúde. Para falar dos riscos psicosociais en Comercial non se presentou ninguén da empresa, unha burla e unha falta de respecto aos traballadores e traballadoras de Comercial que están sometidos a unha presión insoportable e padecen unhas condicións laborais que poñen en risco a súa saúde, tal e como se confirmou na última avaliación de riscos psicosociais.

Hai temas pendentes, que levan tempo e tempo, nos que a empresa non está a facer ren. Temas que se repiten unha e outra vez e a cousa segue igual. É evidente que non está a funcionar esta forma de traballar, de nada serve levar temas ao CPSS se logo non hai un compromiso da empresa para darlles solución.

Dende a CIG propoñemos o cese dun delegado do CPSS. Entendemos que non tivo un comportamento axeitado co que se espera nun delegado de prevención ao ir a unha avaría da contrata en folga sen formación nin o material necesario para atendela. Solicitamos a votación para o Pleno seguinte, dando tempo a todos a informarse da cuestión e a el mesmo a dar as explicacións que considere.

Tamén comentamos os andamios que hai montados na porta de Espiño, dende o ano pasado caen cascotes da fachada e a empresa en lugar de arranxar o problema montou uns andamios para evitar que os cascotes caian sobre a porta.

3.- Comercial: neste punto tratamos a folga en Comercial, folga que tal e como quedaramos uns días atrás na reunión da Permanente do Comité, se convocaría para o 18 ou 19 de xuño. As condicións laborais desta provincia manteñen uns problemas específicos que non existen noutras partes do territorio e polos contactos que tivemos con outras provincias a folga podería convocarse só na Coruña.

UGT agora non ten claro o de convocar e establécese un debate para tratar de chegar a un consenso pois todos os demais vemos motivos suficientes para facer a convocatoria. Despois do debate e dun recesso chegamos a un acordo por unanimidade.

O Comité enviará un escrito á empresa con cuestións urxentes que deberían resolverse nun breve prazo de tempo, tamén agardaremos á reunión coa empresa (Comisión de Xestión) do vindeiro mércores 10 e ao día seguinte celebraremos un Pleno Extraordinario do Comité para, en función do que pase na reunión coa empresa, convocar folga de xornada completa o luns 22 de xuño.

Dende a CIG entendemos que sobran os motivos para mobilizarse en Comercial e gustaríanos que as actuacións que se leven adiante contén coa maior unidade posible.